CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ACTA Nº 2022/5

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa Consistorial –presencial sen público
Data: sábado 14 de maio de 2022
Hora de comezo: 12:00 horas en primeira convocatoria
Hora de remate: 12:20 horas

Enlace acta dixital: https://www.youtube.com/watch?v=gwWhgRGthY8

ASISTENTES:

Alcalde:
José Andrés García Cardeso (PP)

Concelleiros:
José Manuel Landeira Liñares (PP)
Alicia Blanco Sande (PP)
María Rosa Ramos Freita (PP)
Francisco Pérez Redondo (PP)

José Antonio Pereira Gil (PSdeG-PSOE)
Mónica González Blanco (PSdG-PSOE)
Jesús Manuel Pena Varela (PSdG-PSOE)
Ana Paramos Cebey (PSdG-PSOE)

César Ramos Domínguez (CxG)

AUSENTES
Lorena Trillo López (CxG)

Actúa como secretario do Pleno o secretario-interventor da Corporación, Ricardo Garrido Caneda.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

ORDE DO DÍA

FIRMADO POR Ricardo Garrido Caneda (FECHA: 19/07/2022 18:37:00) , JOSE ANDRES GARCIA CARDESO (FECHA: 19/07/2022 18:43:00)
Versión imprimible
CVD: gSxJtrtwL9+7A8A/qs4X
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

1. <u>Nomeamento de don Avelino Pousa Antelo como fillo predilecto do Concello da Baña</u>.

O Sr. alcalde intervén para explicar que este pleno extraordinario realízase para declarar fillo predilecto a D. Avelino Pousa Antelo. A continuación procede a dar lectura da proposta de acordo do citado nomeamento:

Asunto: EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO DE DON AVELINO POUSA ANTELO COMO FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2022/X999/000029 (Distinción honorífica).
Expte. TEDEC: 2022/G006/000461 (Proposta).
Expte. TEDEC: 2022/G010/000005 (Pleno).

Visto a resolución de Alcaldía de 10 de maio de 2022, con número de Decreto 192/2022, mediante a que se acorda, en consonancia co disposto no artigo 11 da Ordenanza adicada ó regulamento de honras e distincións do Concello da Baña:

- Ordena-lo inicio do expediente de nomeamento de fillo predilecto a Avelino Pousa Antelo polos motivos recollidos na parte expositiva do presente decreto.

- Nomear como instrutora de dito expediente a dona Marta María Cambeiro Pérez e como secretaria a dona Rocío Caamaño Gerpe.

Visto que se instruíu o presente expediente tendo en conta as motivacións manifestadas polo equipo de goberno, que se transcriben a continuación:

Avelino Pousa Antelo naceu na Baña (A Coruña) en 1914 e dende mozo interesouse polos dereitos e as reivindicacións dos campesiños. Profesor de formación, e xerente en varias empresas cooperativas en distintas etapas da súa vida, Pousa Antelo estivo afiliado ás "Mocidades Galeguistas", xunto a outros destacados galeguistas históricos, como Fernández do Rego. Nesta asociación tivo unha parte activa na defensa do Estatuto de Autonomía de 1936, truncado polo estalido da Guerra Civil. No campo cultural ha ter tamén un destacado papel a favor da defensa dos dereitos de Galicia, como presidente, entre outros postos, da Fundación Castelao. En 2006, con motivo da súa condecoración coa Medalla Castelao que entrega a Xunta, Pousa Antelo definiuse como integrante dunha "xeración truncada" pola Guerra Civil, que lle roubou os seus mellores anos. Nese discurso, xa con 92 anos, asegurou que toda a súa traxectoria

FIRMADO POR Ricardo Garrido Caneda (FECHA: 19/07/2022 18:37:00) , JOSE ANDRES GARCIA CARDESO (FECHA: 19/07/2022 18:43:00)
Versión imprimible
CVD: gSxJtrtwL9+7A8A/qs4X
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

dedicouna a "desenvolver a conciencia galeguista" e emprazou ós mozos a traballar "por unha terra máis libre, máis culta e máis dona do seu destino".

Visto que dita instrución se realizou conforme ó disposto no artigo 12 da ordenanza de aplicación e que se formula proposta de resolución conforme ó artigo 13 da mesma norma.

Visto que dita proposta de resolución é a seguinte: "Nomear a don Avelino Pousa Antelo como fillo predilecto do Concello da Baña en atención ós seus méritos como veciño da Baña adicado ó benestar e promoción de Galicia e do seu pobo, feitos que lle levaron a ser merecedor, entre outras distincións, da Medalla Castelao polo seu traballo en favor do desenvolvemento do campo en Galicia e pola defensa e promoción dos valores galeguistas".

En virtude do disposto nos artigos 77 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda o seguinte:

Primeiro: Nomear a don Avelino Pousa Antelo como fillo predilecto do Concello da Baña en atención ós seus méritos como veciño da Baña adicado ó benestar e promoción de Galicia e do seu pobo, feitos que lle levaron a ser merecedor, entre outras distincións, da Medalla Castelao polo seu traballo en favor do desenvolvemento do campo en Galicia e pola defensa e promoción dos valores galeguistas.

Segundo. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

Con posterioridade á lectura da proposta de acordo, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Socialista, Sr. José Antonio Pereira Gil, manifesta o seguinte: Quero facer memoria referíndome ao ano 2015, no Pleno de setembro onde se presentou unha moción para, entre outras cousas, facer fillo predilecto a D. Avelino Pousa Antelo. Unha Moción na que o partido socialista da Baña manifestou que era necesario e obrigatorio por parte do Concello da Baña recoñecer e exaltar a figura de Pousa Antelo, e propuxemos, a maiores, poñer o seu nome na Casa da Cultura "Casa de Cultura Avelino Pousa Antelo". Mágoa que non fora adiante a proposta ao non contar co poio do Partido Popular. Alegrámonos que aínda que tiveran que pasar sete anos, se propuxese hoxe neste Pleno, os honores que ben merecidos ten o mestre Avelino Pousa Antelo. Este ano cúmprense dez anos do seu falecemento e que mellor forma

FIRMADO POR Ricardo Garrido Caneda (FECHA: 19/07/2022 18:37:00) , JOSE ANDRES GARCIA CARDESO (FECHA: 19/07/2022 18:43:00)
Versión imprimible
CVD: gSxJtrtwL9+7A8A/qs4X
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

de recordalo que nomeándoo fillo predilecto deste Concello que o viu nacer en maio de 1914.

Seu pai casa cunha moza de Barcala, filla dunha familia labrega do lugar de Arzón, nesta parroquia nace Avelino e pasa a súa infancia ata cumprir os doce anos, idade na que ingresa nun seminario, primeiro paso para acadar converténdose nese gran mestre galeguista, xornalista e escritor.

Avelino foi o principal dinamizador do sector agrario do Século pasado con innumerables publicacións, legado imprescindible para moitos de nós. Foron numerosos os seus recoñecementos: Premio xornalístico Ramón Mourente, Ensinia de Ouro e Esmalte da Unión de Cooperativas en 1998, Padriño da Honra da Primeira promoción de Diplomados da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago en 1999 e da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense no ano 2002, Insignia de Ouro entregada pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 2000, Medalla Castelao outorgada pola Xunta de Galicia no 2006, Premio Galicia Martir da Fundación Alexandre Bóveda no 2010. Hoxe co noso apoio farase no Concello da Baña un novo recoñecemento á figura do noso finado veciño “Lucho do Peto”.

O tenente de alcalde, D. César Ramos Domínguez, intervén para manifestar o seguinte: “Gustaríame antes de nada desculpar a ausencia de Lorena Trillo, compañeira e concelleira de cultura, educación, muller, igualdade e normalización lingüística, que tiña moitas gañas e ilusión por participar nos actos de hoxe pero por precaución e motivos de saúde non pode estar presente na xornada de hoxe.

Hoxe estamos aquí para render homenaxe a unha das personalidades máis importantes que veu nacer o noso Concello. Ao ilustre mestre, xornalista, agrarista, galeguista e escritor nacido no lugar de Arzón (parroquia de Barcala) D. Avelino Pousa Antelo, Lucho do Peto. E outorgarlle a maior das distincións contempladas na nosa normativa en calidade de título honorífico para os persoeiros nacidos no noso municipio, a de Fillo Predilecto.

É esta unha personalidade de relevada importancia no panorama político e cultural galego e froito desa grandeza son múltiples as merecidas homenaxes que está a recibir a cotío en diferentes xeografías do noso país. Hoxe o Concello da Baña, o concello que o veu nacer, e que con orgullo levou por todos os lugares onde lle levou a súa traxectoria vital, dálle unha máis que merecida homenaxe. É de xustiza que o Concello da Baña recoñeza como merece o seu traballo, a súa calidade humana, a súa continua loita por un ideal ligado sempre ao mundo do campo e da natureza e a súa

FIRMADO POR Ricardo Garrido Caneda (FECHA: 19/07/2022 18:37:00) , JOSE ANDRES GARCIA CARDESO (FECHA: 19/07/2022 18:43:00)
Versión imprimible
CVD: gSxJtrtwL9+7A8A/qs4X
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

defensa da lingua e a cultura galega e consecuentemente que o Concello da Baña lle renda o verdadeiro recoñecemento que tal personalidade merece.
Desde o nacemento de Compromiso A Baña levamos tempo con total admiración exaltando a figura deste ilustre barcalés, que sempre levou con total orgullo a súa procedencia bañense, e reclamando que o Concello da Baña celebrara unha homenaxe pública como mostra institucional de agradecemento e admiración. Hoxe faise realidade esa vella reivindicación.

Quería agradecer a todos os membros da Corporación Municipal este acto de concordia, consenso e unanimidade acadado no día de hoxe por esta causa tan loable como xusta. No día de hoxe A Baña é como institución máis grande, máis xusta e máis digna de loanza.

O Concello da Baña rende homenaxe este 14 de maio, ano de Florencio Manuel Delgado Gurriarán, ao intelectual, mestre, galeguista e agrarista D. Avelino Pousa Antelo, de igual xeito que a Corporación Municipal do verán de 1998 fixo co maxistrado bañense e galego egrexio D. Daniel García Ramos. Temos que estar todos e todas orgullosos de que o Concello da Baña teña nas súas distincións dous Fillos Predilectos desta calidade e grandeza, todos e todas debemos sentirnos na obriga de manter con admiración as súas voces perennes ao paso dos anos e é responsabilidade de todos e todas que a Luz que nos deixan permaneza acesa. Este debe ser o noso compromiso.

Moitas grazas".

O Señor alcalde intervén para manifestar o seguinte:

"Este Concello ten aprobado o regulamento municipal de honores e distincións. Por todo isto, esta Alcaldía proponlle ao Pleno adoptar o seguinte acordo:

1. Adherirse á homenaxe que se lle tributa neste Concello, o día 14 de maio de 2022, a Avelino Pousa Antelo.

2. Declarar, unha vez cumpridos os trámites necesarios, fillo predilecto do Concello a Avelino Pousa Antelo.

O regulamento especial de honores e distincións ten por obxecto premiar especiais merecementos, calidades e circunstancias singulares que concorren no galardoado, na figura de Avelino Pousa Antelo.

FIRMADO POR Ricardo Garrido Caneda (FECHA: 19/07/2022 18:37:00) , JOSE ANDRES GARCIA CARDESO (FECHA: 19/07/2022 18:43:00)
Versión imprimible
CVD: gSxJtrtwL9+7A8A/qs4X
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Entre os obxectivos prioritarios dunha boa política municipal está, ou debería estar, o a conservación do patrimonio arqueolóxico, artístico, cultural e humano do Concello. Con este acto continuamos un proceso de reinvindicación e exaltación daquelas persoas do Concello que se distinguiron pola súa traxectoria humana e profesional e que deben constituír un exemplo preclaro para seguir e o motivo de orgullo para a súa veciñanza.

Avelino Pousa Antelo entra de cheo nesta categoría, home de grande humanidade, profesaba unha firme convinción como era o realce da personalidade de Galicia en todos os eidos: lingua, tradicións, costumes, historia, pensamentos, etc.

O seu amor pola terra fíxoo extensivo a Galicia. O compromiso coa súa cultura, coa súa lingua, co seu dereito e coa súa xente foi total. Da súa traxectoria profesional e da súa talla intelectual amplamente recoñecidas dan fe numerosas publicacións.

Este escritor político e catedrático foi distinguido coa Medalla Castelao, foi presidente da Fundación Castelao, vicepresidente da Fundación Fernández Florez e vogal das fundacións Pedrón de Ouro e Alexandre Bóveda. Como periodista publicou centos de artigos sobre temas agrarios e cooperativos, ademais de sobre temas políticos e foi colaborador de La Voz de Barcala. A Asociación Galega de Cooperativas Agrarias outorgoulle en 1998 a Insignia de Ouro e Esmalte da Unión de Cooperativas. En 2000 a Universidade de Santiago outorgoulle a súa insignia de Ouro.

Desenvolveu un gran labor de promoción agraria e foi galardoado con distintos premios, Premio Ramón Mourente e Luís Sánchez Harguindey. Escribíu moitas obras relacionadas con esta actividade agraria (temas de agricultura, cooperativa de explotación comunitaria para unha parroquia rural, reforma das estruturas agrarias de Galicia, Escola Agrícola da Granxa de Barreiros, etc.).

Hai unha frase que pronunciou no discurso con motivo da Medalla Castelao coa que emprazaba a xente nova a traballar por unha terra máis libre, máis culta e máis dona do seu destino. Tamén quero destacar as palabras de Alberto Núñez Feijoo, último representante dunha xeración de homes que “dedicou toda a súa vida á defensa de Galicia dentro e fóra da nosa terra”.

E por todo isto, entendemos que Avelino Pousa Antelo é un bo exemplo para seguir e motivo de orgullo non só para a veciñanza da Baña senón tamén para a de toda Galicia, e merece e debe ser nomeado fillo predilecto da Baña e en tal senso, facemos a correspondente proposta.”

FIRMADO POR Ricardo Garrido Caneda (FECHA: 19/07/2022 18:37:00) , JOSE ANDRES GARCIA CARDESO (FECHA: 19/07/2022 18:43:00)
Versión imprimible
CVD: gSxJtrtwL9+7A8A/qs4X
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

En virtude do disposto nos artigos 77 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: Nomear a don Avelino Pousa Antelo como fillo predilecto do Concello da Baña en atención ós seus méritos como veciño da Baña adicado ó benestar e promoción de Galicia e do seu pobo, feitos que lle levaron a ser merecedor, entre outras distincións, da Medalla Castelao polo seu traballo en favor do desenvolvemento do campo en Galicia e pola defensa e promoción dos valores galeguistas.

Segundo. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

Ás 12:20 h., por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretario-interventor, dou fe.

O alcalde	O secretario-interventor
José Andrés García Cardeso	Ricardo Garrido Caneda

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

FIRMADO POR Ricardo Garrido Caneda (FECHA: 19/07/2022 18:37:00) , JOSE ANDRES GARCIA CARDESO (FECHA: 19/07/2022 18:43:00)
Versión imprimible
CVD: gSxJtrtwL9+7A8A/qs4X
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.